



A Coruña, 10 de marzo de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA Nº 6 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: C.W. Pontevedra B- C.N.C. Oviedo .**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Feminina.**

**Data de celebración: 04/03/2023.**

**FEITOS**

- O día 7 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 5:02 do 1º período amósase tarxeta vermella ao segundo adestrador visitante, A. Rosa Chapinal, con nº de licenza 6625787 por: Protestar reiteradamente e cos brazos en alto as decisións arbitrais, tendo sido advertido de cesar na súa conduta".*

- O día 7 de febreiro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que dan lugar a que se lle mostre a tarxeta vermella ao segundo adestrador como infracción leve (art. 7. I.1.a).

**RESOLVE**

- Sancionar a D. A. Rosa Chapinal, con número de licenza 6625787, segundo adestrador do C.N.C. Oviedo cat. División de Honra Feminina cun encontro de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN